



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Exposición pública padrón de contribuíntes polas tarifas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, 2º trimestre 2026

Exposición pública do padrón de contribuíntes do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas, 2º trimestre de 2026

Por Decreto da Alcaldía Nº 473/2026 de data 02/07/2026, aprobouse o padrón de contribuíntes polas tarifas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e pola conservación de contadores e acometidas, así como polos canon de auga e de coeficiente de vertidos, correspondente ao 2º. trimestre de 2026, que importa as seguintes cantidades:

- por abastecemento de auga: 58.199,66 euros,
- por conservación de acometidas: 2.363,32 euros
- por conservación de contadores: 2.511,04 euros
- máis o IVE que importa 6.853,87 euros (1.033,90 euros cota 21% e 5.819,97 euros cota 10%)

Obtendo un resultado final de 69.927,89 euros máis o canon de auga por importe de 11.883,34 euros e de xestión de depuradoras por importe de 14.301,44 euros.

Por medio deste edicto expónse ao público o devandito padrón de contribuíntes polas tarifas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e pola conservación de contadores e acometidas, así como polos canon de auga e de coeficiente de vertidos, correspondente ao 2º. trimestre de 2026 polo prazo do QUINCE días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de cobro en período voluntario será de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública.

Para o cobramento das facturas a empresa Viaqua S.A. seguirá o procedemento indicado no artigo 8.4 da ordenanza non tributaria número 7 das tarifas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable do Concello de Laxe.

Así mesmo faise constar que o cobramento do canon da auga en período voluntario será unitario.

Transcorridos estes prazos iníciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de constrinximento, logo de devengar o recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

No que respecta ao canon da auga, a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente o contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poder ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a xunta superior de facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante padrón.

Contra as liquidacións aprobadas, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do edicto no BOP contado dende o día seguinte ao da publicación do edicto no BOP.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de 2 meses contado dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

Laxe, 3 de xullo de 2026

O Alcalde

Francisco Charlín Oróns